

## CONCURSO DOCE DE OUTONO - FEIRA DO OUTONO DE ALLARIZ 2019

A Feira de Outono de Allariz acolle o Concurso DOCE DE OUTONO, co que se pretende descubrir a mellor sobremesa elaborada con produtos de tempada.

### **BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOCE DE OUTONO**

---

- 1. DENOMINACIÓN E OBXECTIVOS.** O Concello de Allariz, organizador da Feira de Outono, convoca o concurso de cociña afeccionado **“Doce de Outono”**, co obxectivo de poñer en valor os produtos de tempada mediante a elaboración dunha sobremesa e a súa posterior degustación pública, a cargo das persoas afeccionadas á cociña que queiran exhibir as súas habilidades culinarias.
- 2. PARTICIPANTES.** Poderán participar todas as persoas, afeccionados/as e amantes da cociña, sen importar a idade. A participación pode ser a título individual ou ben representando a unha asociación. Queda expresamente prohibida a participación de cociñeiros/as profesionais.
- 3. INSCRICIÓN.** As persoas participantes deberán presentar a solicitude no Centro de Promoción Económica (Rúa O Portelo, 4 – 2º) ata as 14:00h do venres, 15 de novembro de 2019. Na solicitude farase constar o nome, apelidos e domicilio do participante, ou das persoas que integren o equipo si é de forma colectiva, e a receita ou receitas das sobremesas presentadas.
- 4. ESPECIALIDADE. Elaboración dun doce de outono.** A elaboración da sobremesa terá como compoñente principal algún produto de tempada de outono.
- 5. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN.** A sobremesa participante entregárase xunto coa súa receita ás **11:00h. no pavillón do IES** dedicado á Feira o domingo **17 de novembro**. O veredicto do xurado farase público ás 14:00h do mesmo día.
- 6. O XURADO.** O xurado estará formado tanto por expositores/as alaricanos/as coma convidados/as e algún/ha asistente á Feira escollido ao azar.
- 7. PREMIOS.** Haberá un premio único de **150 euros** para o mellor **Doce de Outono**. O xurado calificará os pratos, puntuando de 1 a 10 cada un destes aspectos como a presentación, sabor e orixinalidade.
- 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS PARTICIPANTES:** O feito de presentarse ao concurso supón a plena aceptación das bases polo que as decisións do xurado serán inapelables.